



## FERVENZAS DE TOQUES E CASTRO DA GRAÑA

Club de Montaña O Carroucho

28 de Outubro de 2017

A Ruta dos Mosteiros percorre os mosteiros e capelas existentes nos concellos de Vilasantar, Sobrado dos Monxes e Toques. Inclúe capelas, igrexas, pazos, muíños, pontes, dólmenes, mámoas e castros, entre outras mostras de arquitectura popular e relixiosa. Percorre vales e montes, cursos de ríos de grande beleza bordeados de amieiros e salgueiros con numerosas fervezas. Pódense atopar penas de grandes dimensións e curiosas formas, ademais de dólmenes.

Nesta ruta imos centrarnos na variante de Toques e en tres dos numerosos atractivos que atopamos na ruta, destacaremos para a visita o castro da Graña, o mosteiro de San Antolín e a Fervenza e muíño de Toques.



Sairemos da vila de Toques deixando o bus no aparcadoiro xunto á piscina municipal cara ao mosteiro de San Antolín, unha xoia románica da que só se conserva a capela. Seguimos o roteiro da capela que bordea o Rego Pequeno, entre amieiros e salgueiros. A capela de San Antolín de Toques é un edificio prerrománico. Orixinalmente foi un mosteiro beneditino posiblemente fundado no século X. Na actualidade só se conserva o templo e o camposanto da parroquia. Destaca o seu espectacular emprazamento, a carón do río Toca ou Rego Pequeno. Este mosteiro constitúe a primeira proba da chegada a Galicia da Orde Benedictina, no 1067.

Camiñaremos de volta un tramo de sendeiro ata entroncar co marcado como Roteiro do Castro, entre soutos e regatos, para visitar o Castro da Graña, o

### Datos Básicos

Comezo: Toques

Remate: Eirexe

Distancia lineal: 22 km.

Duración aprox.: 6 horas

Dificultade: Media


Altura máxima: 731 m

Altura mínima: 454 m

Acumul.: ↗683 m / ↘832 m

servan construcións cadradas en pedra. Dentro da croa hai casas de forma rectangular, pero as escavacións amosaron vivendas máis antigas escavadas na rocha, de planta redonda cos teitos e as paredes de escoba. Tomaremos o camiño cara a Vilares, tiraremos en dirección Castro de Lobos para visitar o dolmen de Forno

de Mouros, e voltaremos pasando pola parroquia de Arriba para ver a Fervenza de Toques sobre o río Furelos e o seu muíño. Se o tempo queda corto, baixaremos de Vilares cara á fervenza directamente. O Rego da Salgueira e o Rego de Porto Salgueiro unen as súas augas na parroquia de Brañas, formando o río Furelos. Ao deixar atrás a parroquia de Brañas, o río forma unha fervenza cun salto case vertical de 40 metros. Voltaremos por camiños e vilas cara a Eirexe onde visitaremos a súa capela.



Próxima cita:  
18 Novembro  
Rural de Galicia (3ª)



www.carroucho.org